

# O XENOCIDIO GALEGO ANTE A XUSTIZA ARXENTINA

Este próximo venres 30 de abril, ás 12,30 horas (hora arxentina, 17,30 hs. hora galega) diversos colectivos galegos presentaremos diante da Camara Federal de Bos Aires un escrito e abundante documentación co fin de adherirnos á querela que o 14 de abril presentaron dúas vítimas (Darío Rivas e Inés García Holgado) e moitos organismos arxentinos.

A nosa intención é ampliar esta querela, contamos para isto tanto con denuncias individuais feitas por familiares das vítimas como cos casos de máis de 5000 galegos mortos e desaparecidos no franquismo. A cantidade e calidade dos documentos e testemuñas cos que contamos foi posible mercé ao proxecto "Os nomes, os lugares, as voces" dirixido polo historiador Dionisio Pereira e no que colaboraron as tres universidades galegas.

As cifras que deita este proxecto -cuxo financiamento foi interrompido abruptamente polo novo goberno da Xunta de Galicia- deben forzar a que recoñezamos o noso traumático pasado como un verdadeiro XENOCIDIO.

Para sensibilizar á opinión pública e facela consciencia da magnitude dos feitos o próximo venres no momento no que presentemos esta documentación no Tribunal Arxentino imos contar coa presenza e apoio dos seguintes organismos arxentinos:

- 1.- Liga Argentina por los Derechos del Hombre (LADH)**, o organismo mais antigo do mundo de dereitos humanos (recoñecido así pola ONU) e que naceu, precisamente, en 1936 como Socorro Rojo Internacional para axudar aos republicanos españois.
- 2.- Servicio Paz y Justicia (SERPAJ)**, de Pérez Esquivel, que nos acompañará tamén neste acto.
- 3.- Madres de Plaza de Mayo Linea Fundadora**, a súa presidenta, Nora Cortiñas, de orixe galega tamén estará presente.
- 4.- Abuelas de Plaza de Mayo**, aquelas que buscaban aos netos nados en cativerio. A súa Presidenta, Estela de Carlotto, tamén virá o venres e convocará, ademais, como Nora, a todas as nais e avoas para o acto na rúa do XENOCIDIO GALEGO.
- 5.- Asociación de Ex-detenidos e Desaparecidos (AEDD)**, son os sobreviventes dos campos de concentración na Arxentina, as principais testemuñas contra os xenocidas no xuízo de Madrid contra as ditaduras arxentina e chilena.
- 6.- Partido Comunista Arxentino (PCA)**. O seu Secretario Xeral, Patricio Echegaray e case todo o Comité Central tamén nos acompañarán o venres.
- 7.- Movimiento Tierra y Liberación (MTL)**, o seu líder Carlos Chile, nos acompañara na presentación da querela e convoca ao acto aos seus milleiros de "piqueteros"
- 8.- Sec. De Dereitos Humanos da CENTRAL DE TRABALLADORES ARXENTINA (CTA)**, a principal e mais comprometida central sindical de Arxentina.

9.- C.T.A. Capital, o organismo da Central Sindical en Bos Aires, os membro do seu Secretariado tamén nos acompañaran no acto do venres.

**Eduardo Blanco**, célebre actor de orixe galega e coproganista, xunto con Darin, de El hijo de la novia, vai estar tamén con nós mobilizando a todo o colectivo do teatro e do cine da capital arxentina.

**10. Ana Maria Miranda**, cantautora chilena, vai cantar para nós na rúa diante do Tribunal mentras presentamos a querela.

**11.- A Federación de Asociacións Galegas na Arxentina.** O seu Presidente, Paco Lores, vai a estar ao fronte da presentación dos documentos e denuncia do XENOCIDIO GALEGO e convocou a todos os asociados para que veñan o venres diante do Tribunal.

## ACTOS EN GALICIA

Esta maré apaixonada contra a infamia da impunidade, debe ter un correlato no noso país. O noso desexo é que o venres 30, ás 20,30 horas todos os lugares do país onde existan Asociacións da Memoria convoquen actos denunciando o XENOCIDIO GALEGO.

Polo de agora só está organizado un acto en Vigo, na Praza da Princesa o venres 30, ás 20,30 hs.

O mundo da cultura respondeu inmediatamente, os escritores Alonso Montero, Xose Lois Méndez Ferrín, Xosé María e Afonso Caccamo, Manuel Forcadela, Gonzalo Navaza, Anxo Angueira, Marta Dacosta, Xosé Cid Cabido farán un pronunciamento público en contra da Impunidade.

No acto cantará Lorena Lores e Diego Alcantara (quen se responsabilizará tamén da montaxe do son) e estamos pendentes de confirmar a actuación do grupo A Quenlla e mais de Leo Arremecaghoná.

Se queredes contactar cos organizadores deste acto estes son os correos:

Lois Pérez Leira [loisperezleira@hotmail.com](mailto:loisperezleira@hotmail.com).

Rexina Vega [xinavega@uvigo.es](mailto:xinavega@uvigo.es)

## A NOSA DENUNCIA

O xenocidio galego ten unhas características específicas. No noso país non houbo guerra. Logo de rematada a última resistencia na volta da moura en Tui, o 26 de agosto do 36, só se deron matanzas unilaterais cheas de brutalidade. Moitos destes crimes seguen sen coñecerse.

Os armenios padecen o enorme problema de que o seu bárbaro xenocidio non e ate agora recoñecido polos turcos. O noso e pior, o XENOCIDIO GALEGO non e ainda recoñecido polo pobo galego.

Todos SOMOS vítimas deste xenocidio. Galiza e distinta do que tería sido, por faltarnos mais de 25.000 das mellares persoas que expresaban a nosa nación no ano 1936, que non tiveron fillos a quen educar na laicidade, humanidade e igualdade que predicaban, que a súa vez non tiñeron fillos.

O noso pobo padeceu 40 anos un bárbaro xenocidio, que meteu o medo no corpo da sociedade, e continuo gobernada por un complice deste xenocidio ate hai ben poucos anos.

Como acertadamente decía M<sup>a</sup> Xose Queizán ao final da manifestación do pasado 14 de abril en Vigo: *"As feridas si se pechan con pus non curan"*. Xa e tempo de facer boas as últimas palabras de HERACLIO BOTANA, xusto no momento que o ían fusilar no cemiterio de Pereiro, xunto ao Alcalde de Vigo MARTINEZ GARRIDO, a corporación municipal, deputados do PSOE, entre outras persoalidades representativas da legalidade republicana: *"ALGUN DIA SE CONOCERA EL CRIMEN QUE ESTAN COMETIENDO CON NOSOTROS"*. Despois de casi 75 anos da masacre colectiva organizada por aquelas bestas, xa e tempo de que se coñeza que todos somos vitimas do XENOCIDIO GALEGO.

É importante, moi importante sumar agora apoios para exercer a máxima presión e lograr que admitan a causa no Tribunal Arxentino, os tempos son chegados para coñecer e sinalar aos criminais. A Arxentina aparece como un lugar idóneo para que dea comezo o xuízo. Sen a presión dos represores, que aínda hoxe conservan o poder en España e que mesmo se atreven a procesar ao Maxistrado que quere abrir unha investigación, nese país ábrese unha verdadeira oportunidade para que se apliquen os principios de Xustiza Universal.

Agardamos que, antes do venres 30 figuren aínda máis poderes de vítimas e organizacións galegas no noso haber. Polo de agora a nosa denuncia inicial preséntana as seguintes vítimas e organizacións galegas.

Entre as persoas físicas que nos deron poder figuran:

1. CONCHIÑA NOGUEIRA, denuncia o caso dos seus pais, asasinados no bou Eva, no Berbés en Vigo.

2.- TELMO COMESAÑA, Presidente da Asociación viguesa da Memoria. Denuncia o caso do seu pai asasinado.

3. ANTONIO MONROY, membro da directiva da da Asociación viguesa da Memoria. Denuncia o caso do seu pai.

4. RAUL FRANÉS, denuncia o caso de tres familiares masacrados en O Porriño.

5.- UXIO NOVONEIRA (fillo), denuncia o caso de un tio avó, que foi alcalde de Folgoso do Caurel.

6.- AMALIA COLLAZO, as súas irmás e os seus primos/as (AIDA ARAUJO ARESES, MARIA DOLORES ARAUJO ARESES, ROSA COLLAZO ARAUJO, MARIA TERESA RIOS ARAUJO, JOSEFA GARCIA ARAUJO e CARLOS ALBERTO RODRIGUEZ GARCIA, denuncian os casos de varios familiares masacrados en Vigo.

7.- RAMON PÉREZ DOMINGUEZ, denuncia o asasinato do seu pai.

8.- JOSE MANUEL ALONSO RODRIGUEZ, denuncia tamén o asasinato dos seus familiares.

9.- JOSE MIGUEL GOMEZ MILLAN, denuncia tamén por familiares vitimas do xenocidio

7.- XAVIER MOREDA, denuncia por moitos dos seus parentes asasinados en Vigo.

8.- REXINA VEGA, denuncia o caso de URBANO MOLEDO, primo da súa avoa, dramaturgo vigués, Presidente do Ateneo de Lavadores, fusilado no monte do Castro en Vigo e protagonista da novela CARDUME, premio Xerais no 2007.

En canto ás asociacións que ate a data nos deron poder estan:

1.- Nova Esquerda Socialista, dános poder LOIS PEREZ LEIRA, o seu Secretario Xeral..

2.- Esculca, Observatorio Galego dos Dereitos e Libertades Públicas, dános poder FERNANDO MARTINEZ RANDULFE, o Presidente.

3.-- Asociación Viguesa pola Memoria Histórica. Dános poder TELMO COMESAÑA, o Presidente.

## FUNDACIÓN GALEGA CONTRA A IMPUNIDADE

Co fin de que non haxa discusións nin protagonismos entre os denunciados, decidimos abrir unha conta da FUNDACION GALEGA CONTRA A IMPUNIDADE EN VIAS DE CONSTITUCION (e así como corresponde facelo xuridicamente). Temos a conta no Banco Pastor, oficina de As Camelias en Vigo, c/c. nº 0072.0468.56.0000102221.

En pouco tempo convocaremos unha asemblea para xa constituila definitivamente, pero a c/c xa e operativa.

As ideas que temos decidido sobre isto, sempre por suposto suxeitas a súa aprobación na asemblea son:

1.- Todos os denunciados, persoas físicas ou organizacións, serán patronos. Cada un, un voto, sexan persoas ou organizacións.

2.- Todas as persoas e organizacións que xunten diñeiro a c/c serán patronos, aínda que sexa 1 euro, e con 1 voto tanto si ingresan 1 euro ou 50.000. Así conseguiremos que se xunte a maior cantidade de xente posible e que todo o país denuncie o xenocidio.

Podedes difundir canto queirades o nº de conta da FUNDACION GALEGA CONTRA A IMPUNIDADE. Xa temos ingresados 12.000 euros, que nos valen agora para os gastos desta campaña de concienciación entre a que figuran os seguintes movementos:

- ANTON PATIÑO deixounos unha obra absolutamente impactante, que podedes ver na Casa da Cultura de Vigo, onde esta exposta estes días. O mesmo Antón aceptou deseñar a partir da súa obra o cartel, que esta preparando Rai, que lle fixo o catálogo. Adxunto a esta mensaxe o cartel.
- MANUEL ABAD deixounos decenas de copias do seu documental “Flores Tristes”, que pon de manifesto o XENOCIDIO GALEGO, para poñer nos actos e distribuílas entre a comunidade galega aquí na Arxentina.
- XOSE ABAD tamén ofreceu deixarnos o seu documental “Os segredos da frouxeira”, recen rematado e que esta recibindo un montón de premios. Como o vai presentar a dous festivais na Arxentina, non podemos exhibilo até que pasen (requisitos dos festivais), pero tempo haberá nos próximos moitos anos en que se investigará o XENOCIDIO GALEGO para dalo a coñecer tamén a través deste documental.
- JOSE LUIS CUERDA, o seu director, deunos permiso para emitir estes días nos actos convocados en Bos Aires para explicar o XENOCIDIO GALEGO a súa película “A lingua das volvoetas”. Contamos aquí con UXIA BLANCO, a súa protagonista feminina, que vai participar destes actos. Tamén deixamos emitir a súa última película, referida como a Língua a feitos demostrativos do XENOCIDIO GALEGO.
- A QUENLLA permitiunos facer copias do seu Cd “Os Silencios da Memoria”, todas as que queiramos para repartilas gratis aquí na Arxentina. Todas as cancións fan de feitos do XENOCIDIO GALEGO e os recitados reclaman, como nos xustiza e fina da impunidade.
- MANUEL BRAGADO (Editorial Xerais), deunos exemplares do libro CARDUME, de Rexina Vega, premio Xerais no 2007, sobre o drama de Urbano Moledo, dramaturgo fusilado no monte do Castro, en Vigo, no ano 1936. Tamén levamos exemplares da obra de URBANO MOLEDO editada por Edicións do Castro, coa súa biografía e a obra (non editada até agora) que ía a estrearse no teatro García Barbón de Vigo, precisamente o 18 de xullo de 1.936, non o pudo facer obviamente, tras da intervención do criminal contra a humanidade Capitán Carrero.
- Tamén contamos, para repartir entre a comunidade galega na Arxentina, con exemplares do libro “Memoria de Ferro”, de Antón Patiño (pai), prologado por, publicado por A Nosa Terra en xuño de 2.009, que contén varios dos máis acertados e emotivos relatos de feitos constitutivos do XENOCIDIO GALEGO.

Estamos facendo, hoxe os estan xa imprimindo nunha imprenta de Vigo, 5.000 carteis, para encher o pais con esta idea do XENOCIDIO GALEGO, varios tamaños, unhas lonas grandes para poñer nos actos, outros grandes para poñer nas mesas onde se fale deste tema, e outros mais pequenos (5.000) para poñer nas rúas convocando aos actos do venres, que lle remitiremos a todas as organizacións que nos confirmen contestando a este correo, ou aos de Leira ou Rexina que antes vos indiquei, que queren organizar na súa vila un acto o venres. A propia imprenta envía por mensaxeiro (temos pouco tempo) o número de carteis e dos tamaños que cada quen pida, non haberá que pagar nada, temos ese diñeiro na conta da Fundación para todos estes gastos.

Por favor, canto antes decidan as organizacións que se xuntan., antes enviárolle os carteis e poderán pegalos con tempo para o acto que organicen o venres. Calquera organización, non só da Memoria, partidos, sindicatos (CIG, UGT, CCO), que queiran organizar un acto ou dar poder para xuntar a denuncia, que o decidan e o pidan canto antes.

- Os poderes en Vigo, fainos CESAR CUNQUEIRO, Gregorio Espino, nº 8, 1º-A. Xa ten o modelo de poder a asinar. Chamádelo e xa se asina o poder no momento. As persoas físicas só teñen que levar o DNI. As organizacións unha copia dos Estatutos selados polo Ministerio do Interior e o acto de nomeamento do representante (Presidente, Secretario Xera, etc.) Somentes certificar, o Secretario o acto de nomeamento.

Ninguén ten que pagar nada na Notaría.

Os que sexan de outro lugar poden ir a calqueira notario, que se poña en contacto con Cunqueiro e lles mande o modelo, e que lle digan que a Fundación cubre os gastos. Eu Gustavo García Fernández DNI 36037668A comprométeme expresamente a pagalos diante do Notario (mostrarlle este correo como compromiso)

O poder é ao meu favor, pero únicamente para substituílo aquí e darlle eu poder no nome de todos os que asinen aos mesmos avogados que puxeron a querela o 14 de abril. Eu non son avogado na arxentina, soio vou a substituír o poder a favor deles, para aderir esta denuncia.

Con que estea asinado o poder e suficiente, o escanea o notario e o recibo aquí no momento.

Incluso si algunha organización quere sumarse a querela e non lle da tempo a facer o poder antes do venres, que o diga e xa o poñemos no escrito, o poder pode aportarse mais tarde. Todas as persoas físicas e organizacións que nos digan o mais tardar o xoves próximo a tarde que queren ser denunciadas, os incluímos na querela.

Calquiera duda me contactades neste email ou no meu telefono 619369554, esta operativo na Arxentina, contade que as chamadas costan bastante (a quen as recibe) e que aqui son cinco horas antes, non chamedes pola mañan.

Saúdos a todos e agardo as respostas.

**Viva a Republica.**

**Fin da Impunidade.**

**Xustiza e Verdade ás Vitimas.**

**Cadea e infamia a todos os represores (vivos ou mortos).**

**\*O texto non e meu (Gustavo), tivemos a sorte de que fora corregido e redactado por unha das nosas mellores redactoras de textos, Rexina Vega.**